

# Coutando o alento

A presenza da voz poética de Medos Romero redobrouse en intensidade ao verificar o ritmo das súas publicacións. Esta autora estreárase literariamente no ano 1998 cun poemario baixo o título de *Rendéome no tempo*, no que xa se encerraban algunhas das claves da súa estética como son un recorrente ecoar paisaxístico, vinculado coas raigames máis profundas da súa terra natal, moi na liña do paisaxismo de corte telúrico de Novoneyra ou, por outro lado, esa idealización que repousa na lembranza dos días xa idos de infancia e mocidade. Logo, virían aínda outros poemarios como son *Ánome en por min* (1999) e mais *O peso da derrota* (2000), prologado este por Ramón Loureiro, que, xunto con *Lenzo das madrugadas* (2003), e algúns poemas dispersos en publicacións colectivas, constituían, até o presente, o groso da súa obra poética. Nalgúns deles, alén das devanditas liñas temáticas, deixaba ver por veces certos arrecendos de corte erótico ou sensual nalgúns libros e, en ocasións, exhibía unha especial querenza por esas fórmulas poéticas mínimas coñecidas como haikus.

Cómpre non esquecer tampouco a súa andaina narrativa conformada,

*Desde as voces da dor*

RAMÓN NICOLÁS

basicamente, por dous libros de relatos curtos: *Dubido se matei a Lena* (2000), no que para unha inequívoca intención de achegarse ao mundo cotián desde unha ollada feminina, e mais *O trevo da sorte* (2003), proposta na que afonda naqueles argumentos marcados pola problemática social, tamén desde unha óptica de afirmación da muller.

É así como, a finais do ano pasado, cadran no tempo dous volumes poéticos da autora. O primeiro, no que nos imos centrar, titulouse significativamente *O pozo da ferida*, e o outro *A seitura dos tristes*, publicado en Libros da Frouma, serie poética patrocinada pola librería compostelá Follas Novas.

E ese retorno de Medos Romero á casa da poesía gozou de especial fortuna ao resultar *O pozo da ferida* galardoado co Premio de Poesía Miguel González Garcés de 2006. O poemario conta, por outro lado, cun lúcido e exhaustivo prólogo-estudo do profesor Armando Requeixo, que fai un percorrido valorativo pola ope-

ra omnia de Medos Romero até ese momento.

Que liñas de sentido percorren este volume? Velaquí un exercicio lírico aliñado na recreación da denuncia de oprobios e desigualdades que sufriu e sofre a muller, seguindo un fío no que se escoita unha voz rotunda, reivindicativa e compacta. Para isto Medos Romero non escolle, ou non escolle sempre, unha terceira persoa desde a que situarse con distancia; moi polo contrario, neste medio cento de poemas, a poeta acolle para si, en numerosas ocasións, unha primeira persoa que transmite limpa e implicadamente, dun xeito directo, vivencias de mulleres de todo tempo e lugar: desde as que sofren o estigma representado no burka ás vítimas de maltratos psíquicos e físicos; desde a nena que sabe cal vai ser seu futuro acordado polos maiores até os ángulos máis escuros do mundo da prostitución; desde a muller que, nunha patera, vai ver morrer o seu fillo ás ablacións que sofren moitas delas como outra forma de violencia... Como se ve, un poemario duro, doloroso, en ocasións terrible e que couta o alento, e que evidencia como poucos a realidade dun mundo que foi, e o aínda o é en tantas dimensións, inhóspito para as mulleres.

Todo isto expresado con sinxeleza, primando sempre a comunicabilidade, facendo uso de versos curtos, coa inclusión de dialectalismos evocadores e que, a meu xuízo, acaen con naturalidade á súa voz. Todo un acerto, ao meu ver, estes versos para pensar e repensar non só a condición feminina senón sobre a condición humana.

ROMERO, Medos, *O pozo da ferida*, Deputación da Coruña, Coruña, 2006, 68 páxinas

